

A nosa referencia: 2 - Secretaría
Expediente: 2026/G010/000003

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, con data 03-02-2026, ditou a resolución núm. 85/2026 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que na xunta de voceiros extraordinaria e urxente do día de hoxe, esta Alcaldía comunicou a súa intención de convocar unha sesión extraordinaria do Pleno municipal, a celebrar o día 6 de febreiro de 2026, coa inclusión na orde do día da proposta relativa á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”, cuxo prazo de presentación remata o mesmo día 6 de febreiro de 2026.

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o venres 6 de febreiro de 2026, ás 11.00 horas, coa seguinte orde do día:

Único.- Proposta relativa á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”

Segundo: Notifíquese aos señores concelleiros e concelleiras para os efectos oportunos.»

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

TABOLEIRO DE ANUNCIOS